

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 6 DE
MARZO DE 2014.-**

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....	3
PUNTO SEGUNDO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-.....	3
PUNTO TERCEIRO.- AUTORIZACIÓN PARA A DESVINCULACIÓN DE ANEXO Á VIVENDA.-.....	5
PUNTO CUARTO.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.-.....	5
PUNTO QUINTO.- DESISTIMIENTO DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA.....	6
PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN DO CENSO DE ALUMNOS/AS DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS O BOSQUE E A MADALENA, MARZO 2014.-.....	7
PUNTO SÉTIMO.- CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2014.-.....	7
PUNTO OITAVO.- APROBACIÓN DAS BASES PROGRAMAS LÚDICOS DO CONCELLO DE AMES ANO 2014.-.....	16
PUNTO NOVENO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, CON UNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO), PARA O SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA E RECOLLIDA E TRATAMENTO DE CADÁVERES DE ANIMAIS NO CONCELLO DE AMES.-.....	23
PUNTO DÉCIMO.- DECLARACIÓN DO CONCELLO DE AMES CON MOTIVO DO “8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”.-.....	36

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 6 DE MARZO DE 2014.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as trece horas (13:00 h) do día seis (6) de marzo de dous mil catorce (2014), réunese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, Santiago V. Amor Barreiro, e coa asistencia dos tenentes de alcalde, María Eugenia Martín Vicente, Bernardo Moar Míguez, Alfredo Taboada Alvelo e M^a Carmen Verde Leboráns.

Asiste o **interventor**, José Antonio Rueda Valenzuela.

Actúa de **secretaria** a titular, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular ás actas das sesións anteriores, as correspondentes á sesión ordinaria do 20 de febreiro e extraordinaria do 28 de febreiro, e que foron distribuídas con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta por unanimidade, coa corrección indicada pola secretaria.

PUNTO SEGUNDO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

1.- Dáse conta da documentación presentada por **Diego Aniceto Vázquez**, con DNI 44.827.288-N, para a tramitación de licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar construída na parcela con referencia catastral 1648611NH3414N0001ST, situada no lugar de Barreiro, 15 A, parroquia de Bugallido (Ames).

En virtude da licenza urbanística autorizada o 22 de decembro de 2010, corrixida o 3 de maio de 2011 a superficie de cesión para viais é de 86,67 m², cesión formalizada en virtude de escrituras notariais núm. 1002 e 1155 outorgadas ante o notario Nelson Rodicio Rodicio o 25 de abril de 2011 e o 11 de maio de 2011 respectivamente.

Figura aboada a taxa pola expedición de licenzas urbanísticas por importe de 96,85 euros.

Expediente primeira ocupación 2013/U007/000006

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente que propoñen a concesión da licenza de primeira ocupación solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (Decreto 751/2011), acorda:

Primeiro.- Conceder a **Diego Aniceto Vázquez**, con DNI 44.827.288-N, licenza de primeira ocupación, dunha vivenda unifamiliar executada na parcela con referencia catastral 1648611NH3414N0001ST, situada no lugar de Barreiro núm. 15A, parroquia de Bugallido, (Ames), (expediente urbanístico de licenza de obras 450/2010), construción executada ao abeiro do proxecto para o cal concedeuse licenza en Xunta de Goberno Local de 22 de decembro de 2010, posteriormente corrixida o 3 de maio de 2011, segundo certifican o arquitecto don Amancio Losada Vicente, (colexiado número 1463), e o Arquitecto Técnico don Luis Jaime Solla Fontán, (colexiado número 1279), e a acta de recepción do edificio terminado asinada o día 22 de abril de 2013.

Segundo.- Formalizárase ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concedeu a licenza de obra 450/2010.

Terceiro.- Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Cuarto.- Instar ao Rexistro da Propiedade a inscrición da franxa de terreo, con destino a viais e espazos públicos (86,67 m²), cedida ao Concello, (formalizada en documento público ante o notaria Nelson Rodicio Rodicio) en cumprimento da condición establecida na licenza municipal de obras, (expediente 450/2010), concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2010, posteriormente corrixida o 3 de maio de 2011.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde, don Santiago Vicente Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2.- Dáse conta da documentación presentada por **Carla Freire Chávez**, con DNI 44.808.756-H, na representación de **José María Lora Ruíz**, con DNI 00.683.170-R, e **María Elena Enríquez Domínguez**, con DNI 25.144.378-L, para a tramitación de licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar construída na parcela 1 resultante da parcelación da finca con referencia catastral 9281829NH2498S0001TO, (parcelación autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local do día 6 de outubro de 2011), situada no lugar de Castelo, parroquia de Ames, (Ames).

Figura aboada a taxa pola expedición de licenzas urbanísticas por importe de 96,85 euros.

Expediente primeira ocupación 2013/U007/000008

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente que propoñen a concesión da licenza de primeira ocupación solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (Decreto 751/2011), acorda:

Primeiro.- Conceder a **José María Lora Ruíz**, con DNI 00.683.170-R, e **María Elena Enríquez Domínguez**, con DNI 25.144.378-L, licenza de primeira ocupación, dunha vivenda unifamiliar construída na parcela 1 resultante da parcelación da finca coa referencia catastral número 9281829NH2498S0001TO, parcelación autorizada pola Xunta de Goberno Local de 6 de outubro de 2011, situada no lugar de Castelo, parroquia de Ames, (Ames), (expediente de licenza de obra 9/2012), construción executada ao abeiro do proxecto para o cal concedeuse licenza en Xunta de Goberno Local de 1 de marzo de 2012, segundo certifican os arquitectos Alfonso Salgado Suárez (colexiado número 2674) e Francisco Liñares Tüñez (colexiado núm. 1913), e o Arquitecto Técnico José Castor Campos Rodríguez, (colexiado número 2109), e a acta de recepción do edificio terminado asinada o día 14 de marzo de 2013.

Segundo.- Formalizárase ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concedeu a licenza de obra 9/2012.

Terceiro.- Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Cuarto.- Instar ao Rexistro da Propiedade a inscrición da franxa de terreo, con destino a viais e espazos públicos (46,17 m²), cedida ao Concello, (formalizada en documento público de data 21 de xuño de 2013 ante a secretaria accidental da corporación) en cumprimento da condición establecida na licenza municipal de obras, (expediente 9/2012), concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2012.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde, don Santiago Vicente Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO.- AUTORIZACIÓN PARA A DESVINCULACIÓN DE ANEXO Á VIVENDA.-

1.- Expediente: 2013/211/000022

Dáse conta da solicitude presentada por **Jaime Paz Garcia**, con DNI 76.361.573-D e **Rosa María Vázquez Espiérrez**, con DNI 52.457.096-F, solicitando autorización administrativa para a desvinculación de anexo a vivenda (praza de garaxe nº 26 vinculada ao local 109 do edificio

Milladoiro I, portal 3, 4º B) co fin da súa permuta, coa praza de garaxe núm. 14 en planta soto 1 de 25,90 m² propiedade da Entidade Urbanística O Monte.

Figura autorización da Comunidade de Propietarios do edificio, adoptada en xunta xeral ordinaria de 20 de setembro de 2011.

Á vista dos informes favorables técnico e xurídico obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (Decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Outorgar, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, autorización municipal a **Jaime Paz Garcia**, con DNI 76.361.573-D e **Rosa María Vázquez Espiérrez**, con DNI 52.457.096-F, para a desvinculación da praza de garaxe nº 26, planta soto 3, anexa ao local 109, (vivenda do portal 3, 4ºB do edificio Milladoiro1), finca inscrita no rexistro da propiedade de Negreira co nº 41.654, tomo 1438, libro 554, folio 43, propiedade de Jaime Paz Garcia e Rosa María Vázquez Espiérrez, co fin de permutala con local 29 identificado como praza de garaxe 14 en planta soto 1, propiedade da entidade urbanizadora O Monte, garantindo así que a vivenda segue dispoñendo dunha praza de garaxe tal e como esixe a normativa urbanística aplicable.

Segundo.- Formalizárase ante o Catastro a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación dos inmobles derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Terceiro.- Notifíquese a todos os interesados no procedemento.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde, don Santiago Vicente Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.-

En Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2008, concédese a José Mallón Vilas, en representación de **Promociones Mallón Vilas I, S.L.**, con CIF B-15451909, licenza de obra maior para a construción dun edificio de 24 vivendas, plantas de soto para garaxes, rochos e baixo comercial (fase II), na URO B4-17, Bertamiráns (Ames), expediente 199/2008.

O 27 de febreiro de 2014, Juan José Mallón Sande, con DNI 33.285.038-J, na representación de **Promociones Mallón Vilas I, S.L.**, con CIF B-15451909, solicita que se proceda a rectificación da licenza correspondente ao expediente 199/2008, xa que segundo o proxecto polo que se obtivo a licenza, suman un total de 15 vivendas.

Examinado o expediente 199/2008, resulta acreditado que tanto a solicitude de licenza como os informes fan referencia a un edificio de 15 vivendas e non de 24 como erroneamente fíxose constar no acordo de concesión da licenza.

Á vista do erro material detectado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (Decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2008, de concesión de licenza urbanística a **Promociones Mallón Vilas I, S.L.**, con CIF B-15451909, para a construción dun edificio de vivendas, plantas de soto para garaxes, rochos e baixo comercial (fase II), na URO B4-17, Bertamiráns (Ames), sendo o número de vivendas de 15, e mantendo inalteradas o resto das condicións do acordo da licenza.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado.

PUNTO QUINTO.- DESISTIMIENTO DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA.

Expediente 473/2003

O 27 de outubro de 2003, **Carlos Patricio Carrasco Iturra**, con DNI 33.298.691-G, solicita licenza de obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Balindo, parroquia de Piñeiro, Ames.

Con datas 11 de decembro de 2003, 22 de xaneiro de 2009 e 20 de setembro de 2012, foi requirida a Carlos Patricio Carrasco Iturra diversa documentación, non constando presentación de dita documentación.

Queda acreditado que as obras de construción da vivenda non foron iniciadas.

Con data 17 de febreiro de 2014 a arquitecta municipal emite informe sobre a procedencia de declarar o desestimento da solicitude de licenza de obras correspondente ao expediente 473/2003.

Á vista dos informes técnico e xurídico, do departamento municipal de urbanismo obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (Decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar desistido a **Carlos Patricio Carrasco Iturra**, con DNI 33.298.691-G, da solicitude de licenza de obra para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Balindo, parroquia de Piñeiro, solicitude presentada en data 27 de outubro de 2003, dado que non aportou a documentación que foi solicitada nas datas de 11 de decembro de 2003, 22 de xaneiro de 2009 e 20 de setembro de 2012.

Segundo.- O desistimento non supón a perda de dereitos que puideran corresponderlle nun novo procedemento que co mesmo obxecto puideran iniciar novamente no caso de que o estimen conveniente aos seus intereses.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao interesado.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde, don Santiago Vicente Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN DO CENSO DE ALUMNOS/AS DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS O BOSQUE E A MADALENA, MARZO 2014.-

Pola Intervención Municipal, dáse conta do censo de alumnos/as das escolas infantís municipais O Bosque e A Madalena, do mes de marzo de 2014, así como das tarifas que deben aboar.

O resumo é o seguinte:

Centro	Nº de nenos/as	Importe tarifas marzo 2014
Escola infantil municipal O Bosque	125	12.474,90 €
Escola infantil municipal A Madalena	102	8.503,20 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), presta aprobación aos referidos censos.

PUNTO SÉTIMO.- CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2014.-

Dáse conta das bases da convocatoria para promoción de actividades levadas a cabo por ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames no exercicio 2014, elaboradas polo Departamento de Educación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para promoción de actividades levadas a cabo por ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames no exercicio 2014, que figuran no Anexo I deste acordo.

Segundo.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal para xeral coñecemento.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 323 489.03, co límite máximo de 18.500 euros.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde – presidente para cantas actuacións de trámite sexan precisas en orde á mellor execución do acordado.

Anexo I

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2014

1.- Obxecto

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2014, destinadas a promover actividades das Asociacións de Pais e Nais (ANPAS) existentes nos centros educativos do Concello de Ames, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Educación, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.- Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel:

- Enriquecer a formación da poboación escolar do Concello de Ames, a través de actividades complementarias á formación regrada que reciben nos centros educativos.
- Promover a convivencia da poboación escolar fóra do ámbito puramente académico.
- Promover a conciliación da vida laboral e familiar, ao ofrecer aos pais unha alternativa formativa fóra do horario escolar.

1.2.- Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel:

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos de segundo nivel:

A colaboración financeira na realización de saídas didácticas de carácter cultural.

A colaboración financeira en actividades extraescolares de carácter cultural e deportivo, levadas a cabo fóra da xornada lectiva.

2.- Gastos subvencionables

2.1.- Liñas de achega da convocatoria

Poderán ser subvencionadas, ata un máximo do 80 % do presuposto total, as seguintes actividades que terán como destinatarios os alumnos/as do centro correspondente:

Liña de achega.	Descrición.
Saídas Culturais.	Enténdese como tales aquelas que inclúan no seu desenvolvemento a visita a lugares ou a asistencia a eventos de carácter histórico ou artístico. Non poderán imputarse a este concepto gastos ordinarios de funcionamento do ANPA (teléfonos, fotocopias, material de oficina...etc).

Actividades extraescolares.	Entendiendo como tales, as desenvoltas con carácter estable ao longo dun período similar ao curso escolar. Non poderán imputarse a este concepto gastos ordinarios de funcionamento do ANPA (teléfonos, fotocopias, material de oficina...etc).
-----------------------------	--

2.2.- Momento de realización dos gastos financiados

As actividades para as que se solicite a concesión da achega deberán ter sido efectuados dentro do exercicio 2014.

3.-Orzamento

Os gastos derivados da presente convocatoria fináncianse con cargo ás seguintes aplicacións, co límite máximo que en cada caso se indica:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO
323 489.03	18.500 €.

A aprobación da presente convocatoria queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento municipal do exercicio 2015, no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que se presenten ao amparo desta.

Consonte ao anterior, non poderá realizarse acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

4.- Contía das achegas e coeficiente de financiamento

4.1.- Contía individual das achegas:

O importe individual por ANPA das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 4.000 €

4.2.- Coeficiente de financiamento:

Defínese o coeficiente de financiamento como o cociente existente entre a achega concedida e o orzamento subvencionado.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total a que ascenda a actividade para a que se pretenda a subvención, segundo conste na súa solicitude formulada polo interesado.

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustificado, co fin de determinar o importe final da achega que haxa de corresponder ao beneficiario.

5.- Destinatarios

Poderán optar a estas subvencións as ANPAS existentes nos centros educativos de titularidade pública do Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, sempre e cando os datos da inscrición estean debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao días nas súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Ames), así como coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente a xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

6.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

6.1.- Lugar de presentación

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ames, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.2.- Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será durante todo o mes de novembro de 2014.

6.3.- Documentación integrante das solicitudes

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN. Xunto con este anexo, os solicitantes achegarán igualmente: Memoria <u>detallada</u> na que se reflicta o conxunto de actividades desenvoltas <u>no ano 2014</u> (con indicación do calendario das actividades realizadas, o número de participantes diferenciando as etapas ás que pertencen e os resultados obtidos) EN CASO DE SOLICITAR ACHEGA PARA VARIAS ACTIVIDADES, DEBERÁ ENCHERSE UN MODELO DE SOLICITUDE PARA CADA UNHA DELAS.
ANEXO 2	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE.

Estes anexos poderán obterse nas dependencias do Departamento de Educación, así coma na páxina web do Concello (www.concellodeames.org).

As solicitudes das asociacións deberá presentalas o/a presidente, e a persoa que ocupe este cargo deberá constar como tal no Rexistro Municipal e Asociacións ao momento de formular a solicitude.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de ter presentado unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

7.- Tramitación e resolución

7.1.- Tramitación

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría delegada en materia de Educación.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, previo informe do Departamento de Educación acreditativo de que da información que consta no seu poder, se derive que os solicitantes reúnen todos os requisitos ara acceder á condición de beneficiarios.

Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente	-O Alcalde
Vogais	-O Concelleiro Delegado do Área -Dúas traballadoras do Departamento de Educación, debendo actuar unha delas como secretaria da comisión.

7.2.- Valoración das solicitudes

A selección das peticións, e a contía das subvencións a conceder, determinarase despois da consideración das actividades a realizar, de acordo en todo caso co seguinte baremo:

Criterio	Descrición.	Puntuación
1	Nº de beneficiarios da actividade, considerado este como a porcentaxe que representen aqueles sobre o total de nenos do centro educativo.	Máx: 4 puntos. 0-10 %.- 1 punto. 11-15 %.- 2 puntos. 16-50 %.- 3 puntos. 51-100 %.- 4 puntos.
2	Gasto da actividade.	Máx: 4 puntos. 0-1.500 €.- 1 punto. 1.501-3.000 €.- 2 puntos. 3.001-4500 €.- 3 puntos. 4501-6000 €.- 4 puntos.
3	Actividades de reforzo das materias impartidas na formación regrada.	2 puntos.
4	Actividades que teñan por obxecto específico a promoción da Cultura ou a lingua galega.	2 puntos.

Co fin de facilitar a conversión da puntuación obtida á contía da subvención, adoptaranse como referencia os seguintes valores:

Puntos	Coefficiente de financiamento da achega concedida respecto do gasto declarado polo/a
--------	--

	solicitante.
10-12	80,00%
6-9	70,00%
4-5	50,00%
2-3	30,00%
0-1	0,00%

En caso de que a suma das achegas distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 3ª, todas as achegas determinadas segundo o anterior reparto experimentarán a correspondente redución proporcional, ata axustárense a dito importe máximo.

A contía da achega non poderá superar, en ningún caso o 80 % do orzamento declarado polo solicitante, nin o importe máximo sinalado para cada ANPA, na base 4.1.

A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo beneficiario.

7.3.- Resolución de concesión, notificación e publicidade da mesma

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do que aquela tivera delegado; ao momento de aprobar a presente convocatoria, dito órgano é a Xunta de Goberno Local.

A resolución de concesión de subvencións será notificada a todos os solicitantes no prazo máximo de catro meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando a estimación ou desestimación da mesma e os motivos desta, a efectos de posibles recursos. En caso de estimación, dita resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente, e o orzamento subvencionado.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 59 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O acordo de concesión quedará sometido á condición suspensiva indicada na Base 3ª. Cumprida esta condición, a concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

7.4.- Aceptación da subvención.

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

8.- Xustificación e pagamento

8.1.- Prazo de xustificación

O prazo de xustificación será de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación de concesión da achega, agás que se conceda unha prórroga, a instancia de parte, ou a proposta razoada da unidade xestora.

8.2.- Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a achega concedida será cumprida mediante a presentación da correspondente CONTA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 a estas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

8.2.1.- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases, no que se faga referencia expresa e pormenorizada aos gastos e ingresos do exercicio.

8.2.2.- Facturas de gasto, e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil (orixinais ou copia compulsada e dilixenciada).

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

Non é requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.

Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa, e en todo caso para gastos non superiores a 150.

8.2.3.- En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

8.2.4.- Carteis, dípticos ou calquera outra documentación na que se dea publicidade das actividades motivo de subvención.

O cumprimento da obriga de difundir a colaboración financeira do Concello deberá cumprirse de acordo co seguinte:

1. Compromiso da entidade de expoñer dita resolución no taboleiro de anuncios do ANPA, ou no local do que dispoñan no centro educativo, desde a notificación da concesión da achega, ate o remate do primeiro semestre do exercicio 2015.
2. Os beneficiarios deberán facer constar a colaboración financeira do Concello en todo o material que empreguen para dar publicidade á actividade para a que se solicite a achega. En todo caso, e como mínimo, os beneficiarios deberán dar publicidade a actividade mediante un cartel, que será exposto no taboleiro de anuncios do centro a lo menos dez días antes do inicio da actividade.

8.2.5.- Certificación bancaria da conta na que haxa de efectuarse o ingreso da subvención.

Para os efectos da xustificación documental, con carácter xeral presentaranse os orixinais dos documentos correspondentes. Excepcionalmente admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas por notario, polo Rexistro Xeral do Concello de Ames ou polos rexistros doutras administracións públicas, nos casos nos que se presentasen os documentos a través destes rexistros.

Co fin de darlle cumprimento ao disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da dita lei, con carácter previo á realización da compulsa deberá reflectirse sobre o orixinal da factura unha estampíña co selo do Concello de Ames, ou ben coa seguinte mención "factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Ames". No primeiro dos casos, a estampíña será inserida polo Rexistro Municipal Departamento de Educación do Concello de Ames.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios de subvencións provinciais como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc...) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou investimento obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3.*h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de Subvencións de Galicia.

8.3.- Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo do informe do Departamento de Educación acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

1.No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto declarado polo beneficiario na súa solicitude de subvención), aboarase a totalidade da subvención.

2.No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 50% do orzamento subvencionado, aboáse a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.

3.No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.

En aplicación destes criterios, o informe emitido polo departamento xestor indicará o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar á entidade beneficiaria.

8.4.- Xustificación extemporánea e perda da subvención.

Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que a entidade beneficiaria da subvención xustificase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

9.- Control posterior das achegas concedidas

Aos efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a comprobación das achegas concedidas se levará a cabo do seguinte xeito:

9.1 Número total de expedientes a revisar:

As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistro Xeral do Concello.

De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 15 % para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes a revisar non será nunca inferior a dous.

9.2 Expedientes obxecto de revisión:

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

- A solicitude presentada en último lugar será revisada en todo caso.
- Os demais expedientes a revisar serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

10.- Reintegro das subvencións

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

11.- Outras subvencións ou axudas

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas ou entes privados, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

12.- Réxime sancionador

Os beneficiarios de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Disposición adicional segunda

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello a para o exercicio de 2013, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición adicional terceira

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

Faise constar igualmente que a publicidade posterior que se dará ás subvencións outorgadas (publicidade no Boletín Oficial da Provincia, información na páxina de Internet do Concello e Base de Datos Nacional de subvencións) con arranxo ao previsto nas normas de xeral aplicación.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLAS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES. EJERCICIO 2014

ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Nota.- Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

Memoria detallada na que se reflicta o conxunto de actividades desenvoltas no ano 2014 (con indicación do calendario das actividades realizadas, o número de participantes diferenciando as etapas ás que pertencen e os resultados obtidos).

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representación de (datos da ANPA):

ANPA	CIF
Enderezo	Localidade
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	Nº de asociados
Presidente	Secretario
Enderezo electrónico.	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promoción da actividades realizadas por ANPAS durante o exercicio 2014, SOLICITO ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

Denominación da actividade. _____

Descrición da actividade. _____

Gastos previstos.

Concepto de Gasto	Importe
Total gastos	€.-

Ingresos que financian a actividade.

Administración concedente	Importe
Total _____ (

Administración concedente	Importe
Total _____ (€)	

Ames, _____ de _____ de 2014
O/A representante da entidade.

ANEXO 2

Nome	Nif
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Nome	CIF
------	-----

- Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Ames para a promoción de actividades levadas a cabo polas ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames correspondente ao exercicio 2014, e que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- Que a entidade representada por min ten ao corrente as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.
- Que a entidade por min representada se compromete a difundir o carácter público do financiamento aportado polo Concello, de acordo co punto 8.2.4 das bases reguladoras da convocatoria.
- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Que sen prexuízo do anterior, autorizo (-----) **(si/non)** ao Concello de Ames para solicitar no nome da entidade representada por min as correspondentes certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social, co fin de acreditar o cumprimento destas obrigas.

Ames, _____ de _____ de 2014

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCION DE
ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLAS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES.
Exercicio 2014**

**ANEXO 3
CONTA XUSTIFICATIVA**

Nome	NIF
------	-----

O/A representante da entidade:

Actuando en representación de (datos da ANPA):

ANPA	CIF
------	-----

Denominación da actividade subvencionada _____

DECLARO:

Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Ames para a promoción de actividades levadas a cabo por ANPAS, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2014 resultando acadados os obxectivos propostos.

Que os carteis coa publicidade da colaboración do Concello de Ames foron expostos:

Lugar de exposición	Período de exposición

Que a relación de gastos e ingresos na que ten incurrido a asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS.

Expedidor factura	Nº de factura	Data de expedición	Concepto	Importe
Total gastos				€

INGRESOS QUE FINANCIAN A ACTIVIDADE.

Subvencións.

Administración concedente	Importe
Total	€

Outros ingresos que financiaron a actividade.

Administración concedente	Importe

	Total _____ €

Ames, _____ de _____ de 2015

O/A representante da entidade.

PUNTO OITAVO.- APROBACIÓN DAS BASES PROGRAMAS LÚDICOS DO CONCELLO DE AMES ANO 2014.-

Dáse conta das bases elaboradas polo Departamento de Educación dos programas lúdicos do Concello de Ames no ano 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases dos programas lúdicos, cuxo texto figura como Anexo I deste acordo.

Segundo.- Publicar as bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web municipal.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde-presidente para cantas actuacións de trámite sexan precisas en orde á mellor execución do acordado.

Anexo I

BASES DE FUNCIONAMENTO DOS PROGRAMAS LÚDICOS

Artigo 1.- Concepto:

Os Programas Lúdicos son unha oferta educativa e de ocio. Pretende ser unha alternativa que, ademais de ocupar o tempo de lecer dun xeito divertido e educativo para os nenos e nenas, permita ás nais e pais conciliar a vida laboral e familiar.

Os programas desenvolveranse nas vacacións escolares de Nadal, Primavera, Xuño e Setembro, de luns a venres, agás festivos.

Artigo 2.- Destinatarios/as:

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

Condições para solicitar o servizo:

- Os nenos/as para os que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroadada na súa totalidade no Concello de Ames.

Tamén poderán acceder ao servizo as fillas e fillos de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo neste municipio. Esta situación deberá acreditarse cun certificado da empresa ou institución correspondente. Terán sempre preferencia os/as empadroados/as no Concello de Ames.

- É condición indispensable estar ao día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello de Ames e, en xeral, non ter débedas co Concello.

Artigo 3.- Duración e horario do Programa:

Os programas desenvolveranse nas vacacións escolares de Nadal, Primavera, Xuño e Setembro, de luns a venres, agás festivos. En cada convocatoria, só poderá solicitar o programa completo, agás que a actividade supere os 7 días, nestes casos poderá solicitar o programa por un mínimo do 50% de días sendo estes consecutivos.

“No caso de necesitar o servizo por causas excepcionais sobrevidas con posterioridade ao prazo de inscrición e para o tempo imprescindible, previa xustificación (causas laborais ou de saúde) e autorización do Departamento de Educación e servizos Complementarios, poderase utilizar en días soltos”.

O servizo abrangue desde as 7:30 ata ás 16:00 horas, este horario está distribuído do seguinte xeito:

- O programa iniciase ás 7:30h co servizo “Bos Días” ata ás 9:00h da mañá, podendo o usuario/a escoller entre a modalidade con almorzo ou a modalidade sen almorzo. O servizo de almorzo só

funcionará ata ás 8:30h.

- Das 9:00 ás 14:30 horas terá lugar as actividades de lecer e educativas propias do servizo.
- De 14:30 ás 16:00h terá lugar o servizo de comedor e xogo libre.

Os tramos horarios que o usuario/a poderá solicitar para utilizar o servizo son os seguintes:

- De 7:30 a 14:30 h. (podendo escoller con ou sen almorzo)
- De 7:30 a 16:00 h. (podendo escoller con ou sen almorzo)
- De 9:00 a 14:30 h.
- De 9:00 a 16:00 h.

Nos tramos horarios de 7:30 a 16:00 horas e tamén de 9:00 a 16:00 horas inclúese o xantar.

Os horarios solicitados na ficha de inscrición non poderán ser modificados unha vez publicada a lista definitiva de admitidos/as e, en xeral, non se admitirán cambios unha vez publicada a lista definitiva de admitidos/as.

Os nenos e nenas que non usen o servizo de comedor deberán ser recollidos/as antes das 14:30h e os/as usuarios/as de comedor antes das 16:00horas.

A responsabilidade do control e coidado dos/as nenos/as polos monitores/as responsables abrangue exclusivamente a franxa horaria de funcionamento do servizo.

Artigo 4.- Lugar de desenvolvemento do programa.

Os programas desenvolveranse en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas Oficinas Municipais de O Milladoiro e de Bertamiráns e tamén na páxina web do concello: www.concellodeames.org

Artigo 5.- Organización por grupos de idades:

A organización das actividades por grupos de idades e a súa localización dependerá do número de nenos e nenas inscritos/as. Unha vez establecidos os grupos de idades só se cambiarán por razóns educativas.

Artigo 6.- Inscrición:

Establecerase un prazo de inscrición para cada convocatoria. Todas as solicitudes presentadas fora de prazo irán a unha listaxe de agarda.

Recollida de documentación:

- Bertamiráns: No Departamento de Educación
- O Milladoiro: Na Oficina Municipal
- WEB do Concello: www.concellodeames.org

Horario: de 9:00 a 14:00 h. de luns a venres.

Entrega da documentación:

- Bertamiráns: No Rexistro Xeral do Concello.

De luns a sábado, en horario de 9:00 a 14:00 h.

- O Milladoiro: Na Oficina Municipal.

De luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 h.

Para facer correctamente a inscrición o/a solicitante deberá presentar en prazo:

Documentación a entregar ao momento de facer a **inscrición**:

- A ficha de inscrición.
- Impresos de autorizacións.
- Fotocopia do libro de familia completo cotexado*.

* O libro de familia só se entregará nos casos en que non se tivese presentado no Departamento de Educación, ou se producise algún cambio na situación familiar.

Artigo 7.- Publicación da lista de admitidos/as:

Darase publicación da lista provisional de admitidos/as nas oficinas municipais do Concello, concedendo un prazo de dez días hábiles para a presentación de reclamacións.

Unha vez resoltas as reclamacións publicaranse as listas definitivas nas oficinas municipais do Concello.

Artigo 8.- Dereito de admisión:

O Concello reserva para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos/as nenos/as que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores/as non respecten estas bases e as normas básicas de convivencia e colaboración, ou fagan un uso abusivo dos servizos en detrimento dos dereitos do menor. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia aos pais, nais ou titores dos/as menores.

Os/as nenos/as que acudan ao comedor deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados á súa idade (utilización de cubertos, respecto aos monitores, coidado do material, hábitos hixiénicos, etc.). De non ser así, o esforzo dos/as monitores/as estará encamiñado neste senso e informarán aos pais, nais ou titores deste feito para realizaren a adecuada labor educativa conxunta.

Artigo 9.- Número máximo de usuarios e listaxe de agarda.

En execución do previsto no plan de axuste 12-22, con carácter previo ao inicio do prazo de inscrición, a Alcaldía deberá dar aprobación ao número máximo de usuarios de cada un dos programas lúdicos.

Unha vez publicada a listaxe definitiva dos/as admitidos/as, confeccionaranse dúas listaxes de agarda, unha para Bertamiráns e outra para O Milladoiro.

En caso de que as inscricións presentadas dentro do prazo sinalado na base número 6 excedan as prazas dispoñibles, efectuarase un sorteo para determinar a lista de usuarios do servizo, entrando as persoas excluídas a integrar unha lista de agarda.

Todas as inscricións presentadas fora de prazo producirán a entrada do/a neno/a na listaxe de agarda correspondente, por rigorosa orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

Será o Concello o que, por motivos de organización, dispoñibilidade de orzamento e en función de posibles baixas sobrevidas, determine o número de prazas dispoñibles para dar entrada a nenos e nenas das listaxes de agarda, neste caso os/as nenos/as irán entrando no programa seguindo estritamente a orde na que figuren na listaxe de agarda correspondente.

Os casos de emerxencia social, debidamente acreditados polos Servizos Sociais do Concello de Ames terán preferencia para entrar no programa.

Artigo 10.- Custo do programa e pagamento do mesmo:

As contías do servizo, aprobadas polo Concello de Ames coa natureza de taxas, de acordo co previsto na vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación de vida familiar e laboral, varían en función polo/a usuario/a, estas contías son as seguintes:

HORARIO	COMPLETO: CUSTO POR DÍA	POR DÍA SOLTO (só previa autorización por causas excepcionais)
De 9:00 a 14:30 h.	2,50 €/ día	3,00 €/ día
De 9:00 a 16:00 h.	9,00 €/ día	10,50 €/ día
De 7:30 a 14:30 h.	5,00 €/ día con almorzo	6,00 €/ día con almorzo
	4,00 €/ día sen almorzo	5,50 €/ día sen almorzo
De 7:30 a 16:00 h.	11,50 €/ día con almorzo	13,50 €/ día sen almorzo
	11,00 €/ día sen almorzo	13,00 €/ día sen almorzo

Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo mediante domiciliación bancaria.

A obriga de pagamento nace cando se produza a correspondente solicitude e a admisión do/a neno/a no servizo, con efectos segundo o/s día/s e horario solicitado.

Para os/as usuarios/as ocasionais, a obriga de pagamento nace cando se produza a solicitude de utilización do servizo.

A obriga de pagamento desaparece coa baixa no servizo, sempre que sexa solicitada por escrito e presentada no Rexistro Xeral do Concello de Ames antes do inicio do programa.

Tanto nos supostos de usuarios fixos como de usuarios ocasionais, as cantidades aboadas soamente serán devoltas cando non se poda utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se

efectuarán devolución das cantidades aboadas.

Artigo 11.- Beneficios fiscais:

A solicitude de bonificación de taxas deberá facerse por escrito no momento de presentar a inscrición no servizo.

Para a concesión/denegación dos beneficios fiscais estarase ao disposto na “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL”, NA “ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO NO CONCELLO DE AMES” (art. 11º e 12º), E NO DECRETO 356/2014.

Artigo 12.- A inscrición no programa supón o coñecemento, a aceptación e o cumprimento das normas recollidas nestas bases de funcionamento dos programas lúdicos.

INSCRICIÓN LÚDICOS

1) Datos persoais do neno/a:

Nome e Apelidos _____ Data de nacemento _____

_____ Enderezo: _____, Localidade _____

_____, CP _____ Email: _____ Tfno. (1): _____

_____ Tfno. (2): _____

2) Intolerancia e/ou enfermidade *(imprescindible presentar informe médico actualizado):*

O/a neno/a presenta a seguinte intolerancia, alerxia e/ou enfermidade:

_____ polo que é necesario tomar as seguintes medidas

3) Lugar onde solicita o programa:

☐ BERTAMIRÁNS

☐ O MILLADOIRO

4) Horario:

- ☐ De 7:30 a 16:00h. → ☐ Con almorzo / ☐ Sen almorzo
☐ De 7:30 a 14:30h. → ☐ Con almorzo / ☐ Sen almorzo
☐ De 9:00 a 14:30h.
☐ De 9:00 a 16:00h.

5) Modalidade de utilización:

Programa completo

Cando o programa supere os 7 días (segundo art.3):

6) Bonificacións de taxas:

Don/a: _____, con DNI: _____, solicito	<div><input type="checkbox"/> FAMILIA DE ESPECIAL CONSIDERACIÓN <input type="checkbox"/> RENDA PC ≤ 50% IPREM</div> <div>(Valorarase a renda do exercicio 2012)</div>
Bonificación de Taxas por atoparme nalguna das seguintes situacións:	

(*)

Se solicita bonificación de tasas deberá aportar a documentación correspondente (solicite información).

7) Coñecemento e aceptación das bases:

Dona (nai/titora): _____, con DNI: _____
Don (pai/titor): _____, con DNI: _____

Coñecemos e aceptamos as bases que rexen a convocatoria do servizo (pode consultalas na web do concello de Ames: www.concellodeames.org)

8) Determinación da unidade familiar:

- ☐ Achego fotocopia cotexada do libro de familia completo e no seu caso sentenza xudicial coas medidas paterno filiais.
☐ Non achego copias dos documentos anteriores porque xa as presentei con anterioridade para o servizo: _____ e non houbo cambios desde entón na unidade familiar.

Ames, _____ de _____ de 2014

Sinatura nai/titora: _____

Sinatura pai/titor: _____

9) AUTORIZACIÓNS:

D./Da: _____ con D.N.I.: _____ _____ e domicilio en _____, CP _____ Tel. _____ en calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a: _____ _____

9.1) AUTORIZO ao Concello de Ames a cargar na miña conta, que facilito a continuación, o importe correspondente para o pagamento do servizo: "Primavera Lúdica 2014". IBAN:

--	--	--	--	--	--

9.2) DECLARO que as persoas, maiores de idade, que teñen a miña **autorización para recoller na actividade ao neno/a** son:

D/Da.: _____, DNI: _____



D/na.: _____, DNI: _____

D/Da.: _____, DNI: _____

- 9.3) ☐ AUTORIZO
☐ NON AUTORIZO

ao Concello de Ames para que permita a **captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de son** daqueles eventos organizados polo Concello nos que apareza o neno/a antedito, ben a título individual ou formando parte dun grupo. (-)

9.4) AUTORIZO ao Concello de Ames a ceder os datos do/a neno/a para a correcta organización do servizo, tanto ao centro escolar como á empresa de monitores correspondente.(-)

- 9.5) ☐ AUTORIZO
☐ NON AUTORIZO

ao Concello de Ames para que utilice os teléfonos móbiles que facilitamos a continuación para **transmitirnos informacións** relacionadas exclusivamente co funcionamento dos Servizos Complementarios xestionados polo Concello.

TELÉFONO NAI: _____ TELÉFONO PAI: _____

Ames, _____ de _____ de 2014

Asdo.: _____

(*) As imaxes e os sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

(**) Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE AMES. En calquera momento, poderá exercer o dereito de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no rexistro xeral do s Concello.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA A SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DE TAXAS:

En **todos** os casos:

- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Cubrir e asinar a autorización para consultar os datos tributarios dos membros maiores de idade da unidade familiar (ABAIXO) Aqueles que non presentaran a declaración da renda, deberán presentar xunto á autorización citada, outra documentación que acredite suficientemente o nivel de ingresos da unidade familiar.

Segundo o caso:

- FAMILIA ESPECIAL CONSIDERACIÓN (1): fotocopia compulsada da documentación acreditativa da situación.
- RENDA PERCÁPITA IGUAL OU INFERIOR AO 50% DO IPREM(2): ademais da autorización para a consulta dos datos tributarios dos membros maiores de idade da unidade familiar (ABAIXO), no caso de ruptura do vínculo matrimonial (ou separación da parella de feito): sentenza de separación ou divorcio, ou convenio regulador das medidas paterno-filiais.

Deberá mostrar os orixinais para poder cotexalos coas copias.

Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias.

A omisión e/ou falsidade dos datos ou documentos achegados serán causa de anulación.

Exercicio a valorar: 2012

AUTORIZACIÓN SOLICITUDE DE DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA

De conformidade co previsto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, e nos termos e cas garantías que se establecen no artigo 2.4 da Orden de 18 de novembro de 1999.

AUTORIZO ao Concello de Ames a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a

como a delegación efectuada mediante decreto desta alcaldía 751/2011, de 21 de xuño (BOP nº 160, de 23 de agosto de 2011), propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con unico criterio de adxudicación (factor prezo), para o **servizo de lacería, canceira e recollida e tratamento de cadáveres de animais no Concello de Ames.**

Segundo.- Autorizar o gasto con cargo a partida **172.22799 do vixente orzamento.**

Terceiro.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato, e que figuran como Anexo I deste acordo.

Cuarto.- Publicar no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, o correspondente anuncio de licitación para no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao da última publicación os interesados poidan presentar as súas proposicións.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I

Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para contratación do servizo de lacería, canceira e recollida e tratamento de cadáveres de animais no Concello de Ames.

Primeiro.-Obxecto do contrato

É obxecto do contrato a recollida e aloxamento en instalacións adecuadas dos animais abandonados, perdidos ou vagabundos dentro do termo municipal de Ames, así como a retirada e tratamento de animais mortos.

CPV:98380000-0 (Servicios de perrera).

Segundo. - Natureza e réxime xurídico do contrato

Cualifícase este contrato como de servizos definidos no artigo 10, categoría 27 do Anexo II, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en diante RDL 3/2011. (B.O.E. n.º 276 do 16 de novembro). As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego, para o non previsto nestes, o contrato rexerá en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, en defecto de normas específicas, polo RDL 3/2011, as súas normas de desenvolvemento e polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á LCSP. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo.

O presente contrato non é susceptible de interposición de recurso especial en materia de contratación de acordo co previsto no art.º 40.1.b) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Terceiro. - Procedemento e forma de adxudicación

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, de acordo co previsto nos arts. 138 apartados 1 e 2 e 150.3, g) do RDL 3/2011.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, precisándose a ponderación atribuída a cada un deles, de conformidade co artigo 150.1 e 4 do RDL 3/2011, e co establecido na cláusula décimo cuarta do presente Prego.

Conforme ao art.º 16 do TRLCSP o presente contrato non se encontra suxeito a regulación harmonizada.

Cuarto. - Órgano de contratación

O órgano competente para contratar é a Xunta de Goberno de Local, de acordo co decreto de delegación de atribucións da alcaldía 751/2011, de 21 de xuño de 2011, xa que o contrato non supera o 10% dos recursos ordinarios do presuposto e é inferior aos catro anos de duración (contabilizando

as prórrogas), en aplicación da Disposición adicional segunda do TRLCSP.

Quinto. - Orzamento de licitación, valor estimado, prezo do contrato e revisión de prezos

5.1.- O orzamento base de licitación é de **36.000.- Euros, IVE non incluído**, polos catro anos de duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas, e sen prexuízo da revisión de prezos que proceda.

Á cantidade anterior haberá de engadirse o IVE correspondente que ascende á cantidade de **7.560.- euros, calculado ao 21%** polos catro anos de duración máxima, incluídas as prórrogas, do contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da licitación.

5.2- A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, cando o contrato se execute polo menos nun 20% do seu importe e a partir do segundo ano (*en caso de prórroga por mutuo acordo das partes*) dende a súa formalización, data que se tomará como referencia co fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos.

A devandita revisión de prezos aplicarase sobre o importe do contrato, e levarase a cabo de conformidade co establecido nos artigos 89 e seguintes do TRLCSP, aplicando ao prezo inicial como máximo o 85% da variación do índice de prezos ao consumo que publicase o INE no momento que proceda da revisión.

O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o aboamento ou desconto correspondente nos pagamentos parciais ou, excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non puidera incluírse nos devanditos pagamentos parciais.

Sexto. - Aplicación orzamentaria

Para atender ás obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, existe crédito abondo no vixente Orzamento Xeral do Concello **con cargo á aplicación 172.22799**, e tendo en conta o orzamento de licitación previsto na cláusula 5.

De conformidade co disposto no artigo 174 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e nos artigos 79 e seguintes do Decreto 500/90, a autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

Sétimo. - Forma de pagamento

O pagamento efectuarase de forma mensual, unha vez realizadas as prestacións obxecto do contrato satisfactoriamente, logo de presentación da correspondente factura, que deberá estar conformada pola Técnica de Medio Ambiente, de acordo co establecido o art.º 216 do RDL 3/2011.

A factura reunirá os requisitos establecidos no Regulamento do 28 de novembro 1496/2003, polo que se aproba o Regulamento do IVE, e o seu pagamento se realizará tendo en conta os prazos previstos na Disposición Transitoria Sexta en relación co artigo 216.4 do RDL 3/2011.

Oitavo. - Perfil de contratante

8.1.- O procedemento aberto a que se refire o presente Prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no perfil de contratante.

8.2.- Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte:

www.concellodeames.org

Noveno.- Duración do contrato e posibilidade de prórroga.

9.1.- A duración inicial do contrato será de **DOUS (2) anos** contados a partir do día seguinte ao da súa formalización.

9.2.- Os dous anos iniciais serán prorrogables expresamente por períodos de 1 ano, por mutuo acordo das partes, ata un máximo de 4 anos (incluído período inicial e prórrogas), previa solicitude do adxudicatario realizada ao menos cun mes de antelación á finalización do contrato, sen que poidan producirse ditas prórrogas polo consentimento tácito das partes.

Décimo. - Capacidade para contratar.

10.1.- Poderán tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial e profesional que, se é o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

10.2.- Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea estarase ao disposto nos artigos 58, 66.1, 61.2, 72.2 e 84 do TRLCSP e no artigo 9 do Regulamento Xeral do TRLCAP.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias estarase ao disposto nos artigos 55 e 72.3 do TRLCSP e no artigo 10 Regulamento Xeral do TRLCAP.

En canto ás unións temporais de empresarios estarase ao disposto nos artigos 59 e 67.5 do TRLCSP e no 24 e 52 do Regulamento Xeral.

Décimo primeiro. - Garantías

11.1.- Provisional: non se esixe

11.2.- Definitiva A garantía definitiva será dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, e garantirá o cumprimento das obrigas contraídas, a cal será devolta, de oficio ou a petición do adxudicatario, previos os preceptivos trámites legais, unha vez realizado o obxecto do presente contrato e sempre que transcorrese o prazo de garantía.

A garantía definitiva responderá dos conceptos sinalados no artigo 100 do RDL 3/2011.

O prazo para a constitución da garantía definitiva, será de dez días hábiles, contados dende o seguinte ao requirimento, que o órgano de contratación realice ao candidato que presente a oferta considerada máis vantaxosa economicamente.

Constituiranse na Tesouraría Municipal, mediante calquera dos medios sinalados no artigo 96 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, axustándose aos modelos indicados no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, con intervención notarial da identidade, capacidade e lexitimidade do apoderado da entidade avalista.

Décimo segundo. - Prazo de garantía

O prazo de garantía do presente contrato establécese en tres meses, contado a partir do día seguinte á finalización deste.

Décimo terceiro. - Ofertas.

13.1.- Presentación.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao establecido neste Prego e a súa presentación supoñerá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como da Prego de prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixo individualmente nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

13.2.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello, dentro do prazo de **QUINCE DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, de 9:00 a 14:00 horas e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que lle represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 14.3.

Tamén poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXPAC).

Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a calquera hora do último día de prazo. Neste caso o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (981884929) ou telegrama en calquera momento antes de que expire o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade á data na que remata o prazo para presentar as

solicitudes. Transcurridos os 10 días naturais seguintes á indicada data sen que se reciba a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

Toda a documentación se presentará en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

13.3.- Documentación.

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán de ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán dous sobres: **SOBRE A** (documentación xeral) e **SOBRE B** (documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas) acompañándoos dos documentos prescritos nos artigos 145 e 146 do TRLCSP e que se relacionan nas cláusulas 13.3.1 e 13.3.2 do presente Prego.

Os aludidos sobres presentaranse do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, dirección e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de modo que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- E ademais, os licitadores que se encontren inscritos nun Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas deberán facer constar o número de inscrición no sobre A (por fóra).

As indicacións de SOBRE A e SOBRE B respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda:

"Proposición para tomar parte na contratación do contrato administrativo de **servizo de lacería, canceira e recollida de cadáveres de animais no Concello de Ames**"

Decimo cuarto.- Presentación de documentación, solvencia económica e técnica e criterios de adjudicación.

14.1.- SOBRE A: Subtitulado "Documentación Xeral".

Conterá a seguinte documentación:

Unha declaración responsable asinada polo licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración de acordo co estipulado no artigo 146 do TRLCSP, así como cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional establecidos no presente prego. Posteriormente o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adjudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adjudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

Solvencia económica e financeira e técnica:

Solvencia económica: os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira de acordo co establecido no artigo 75.1, apartado a) do TRLCSP, mediante unha declaración do volume anual de negocios do ano natural anterior, debendo ascender este a unha contía mínima de 1,5 veces o valor estimado do valor anual contrato, IVE excluído. Así mesmo tamén se poderá acreditar, de ser o caso, de acordo co establecido no artigo 65.1 do TRLCSP.

Solvencia técnica: A solvencia técnica acreditarase segundo o establecido no artigo 78.1, apartado a) do TRLCSP, mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, fechas e destinatario, público ou privado dos mesmos, debendo ascender o importe anual dos servizos realizados (idénticos ou similares) a unha contía mínima igual ou superior a metade do valor anual do presente contrato. Así mesmo tamén se poderá acreditar, de ser o caso, de acordo co establecido no artigo 65.1 do TRLCSP.

14.2.- SOBRE B: Subtitulado "Documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas".

Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuantificables de forma automática por aplicación de fórmulas e que se relacionan na cláusula 14 deste Prego, en concreto:

Os prezos unitarios máximos das distintas prestacións a realizar que serán aboados polo Concello son os seguintes:

PRESTACIÓN	PREZO MÁXIMO (sen IVE)
SERVIZO CHAMADA DE LUNS A VENRES CON CAPTURA	125
SERVIZO CHAMADA DE LUNS A VENRES SEN CAPTURA	43

SERVIZO POR CHAMADA URXENTE (sábados, domingos, festivos e luns a venres fóra do horario de 09:19:00)	155
---	-----

Recollida de cadáveres. Peso cadáver	Ata 10 Kgs.	De 11 a 25 Kgs.	De 26 a 40 Kgs.	De máis de 40 Kgs.
Prezo (sen IVE))	19,00 €	26,00 €	31,81 €	1,00 €/Kg.

14.3. Criterios de valoración e adxudicación.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

a) Oferta económica prestacións lacería e canceira:.....Máximo 90 puntos (máxima puntuación por apartado 30 puntos)

Á mellor oferta económica asignaráselle a máxima puntuación e non se valorarán as ofertas que superen o tipo de licitación.

Para o resto das ofertas terase en conta a seguinte fórmula:

Puntuación=Prezo máis baixo ofertado x 30 puntos/Prezo ofertado polo licitador (referencia ao prezo ofertado en cada 1 dos 3 supostos)

b) Prezo/recollida cadáveres:Máximo 10 puntos (máxima puntuación por apartado 2,5 puntos)

Á mellor oferta económica asignaráselle a máxima puntuación e non se valorarán as ofertas que superen o tipo de licitación.

Para o resto das ofertas terase en conta a seguinte fórmula:

Puntuación=Prezo máis baixo ofertado x 2,5 puntos/Prezo ofertado polo licitador. (referencia ao prezo ofertado en cada 1 dos 4 supostos)

14.3.1.- Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional Sexta do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

Se aínda así persistira o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada nos parágrafos anteriores, deberán achegar ao tempo de presentar a súa proposición, a seguinte documentación:

- 1.- Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
- 2.- Relación de traballadores fixos minusválidos, acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
- 3.- Contrato de traballo dos traballadores fixos minusválidos.

Décimo quinto. - Mesa de contratación

De conformidade co disposto no artigo 320 do TRLCSP e, en cumprimento do disposto no artigo 21 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a Mesa de Contratación terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: D. Santiago V. Amor Barreiro, alcalde-presidente do Concello de Ames, ou concelleiro no que delegue.

VOGAIS:

- D^a Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames, ou funcionario/a que a substitúa.
- D. José Antonio Rueda de Valenzuela, interventor do Concello de Ames, ou funcionario/a que o substitúa.
- D. Alfredo Taboada Alvelo, concelleiro delegado de vías, obras, parques e xardíns, ou concelleiro no que delegue.
- D^a María Eugenia Martín Vicente, concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade, Cultura, Deportes e Benestar Social.

SECRETARIO: D. José Rogelio Pardo Martínez, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames, e na súa ausencia calquera outro funcionario da Corporación.

Décimo sexto. - Apertura de documentación e valoración de ofertas.

SOBRE A

A mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre A).

O acto de apertura comezará co recuento das proposicións presentadas. A Mesa de Contratación cualificará previamente a documentación xeral (SOBRE A) presentada en tempo e forma polos licitadores, e o secretario da mesa de contratación certificará a relación de documentos que figuran en cada un deles. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador os emende. De non presentar a documentación requirida dentro do prazo establecido o licitador quedará automaticamente excluído.

A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación e emendada, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

SOBRE B

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura da documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas (SOBRE B), presentada polas empresas que fosen admitidas á licitación por ter toda a súa documentación presentada correctamente.

A apertura celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no perfil do contratante, cunha antelación de 2 días naturais á súa celebración.

O presidente da mesa dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no SOBRE A, indicando os licitadores excluídos e as causas da súa exclusión, invitando os asistentes a formular as observacións e instar as explicacións que estimen pertinentes pero sen que en ningún caso se admitan pola Mesa documentos que non fosen entregados durante o prazo de presentación de ofertas ou de correccións/emendas que se outorgara segundo o disposto no presente Prego.

A continuación, a mesa procederá á apertura dos sobres B, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e darase a coñecer o seu contido.

Concluído o acto público de apertura, a Mesa de Contratación realizará a valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, podendo solicitar a tales efectos cantos informes técnicos considere precisos.

Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá ao órgano de contratación a acta que incluírá a correspondente proposta de clasificación de ofertas na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente xunto coa puntuación outorgada a cada unha delas por aplicación dos criterios indicados na cláusula 15, identificando a oferta economicamente máis vantaxosa.

Décimo sétimo.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

17.1 Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto para o efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado propoñerá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

17.2 Considerarase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.

2º.- Volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Décimo oitavo.- Clasificación de ofertas e requirimento de documentación

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá o licitador que tivese presentado a oferta



economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- A documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- A documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios, no seu caso, teríase comprometido a que dedicar ou adscribir a execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP.
- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fora procedente.
- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas, orixinal ou copia compulsada da alta no IAE referida ao exercicio corrente, ou do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do mesmo; ou no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.
- Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a correspondente escritura de constitución.
- Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición de medios conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP que lle reclame o órgano de contratación.

Se no prazo concedido non se presentase a devandita documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao seguinte licitador pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumpra o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60. 2 d) do TRLCSP.

Décimo noveno. - Adjudicación do contrato

O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación á que se refire a cláusula anterior.

A adjudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e de forma simultánea publicaráse no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Vixésimo. - Formalización do contrato

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de remisión da notificación da adjudicación aos licitadores. O devandito documento constitúe título abondo para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá achegarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíra.

Unha vez formalizado o contrato, comunicaráse ao Rexistro Público de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

Vixésimo primeiro.- Publicidade da formalización do contrato.

20.1.- A formalización do contrato, publicaráse no perfil do contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adjudicación.

Vixésimo segundo: Responsable do contrato.

De conformidade co establecido no art. 52 do TRLCSP, **o órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato**, quen supervisará a execución deste comprobando que a súa realización se axusta ao establecido, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de

contratación.

O adxudicatario deberá designar unha persoa responsable da execución do contrato, con competencia profesional e capacidade abondo para representar a entidade en todo e canto afecte á devandita execución e que será a interlocutora coa Administración.

Vixésimo terceiro. - Seguro de responsabilidade civil.

O adxudicatario asumirá de forma expresa a responsabilidade que se derive do funcionamento normal ou anormal do servizo, que como consecuencia do desenvolvemento da actividade, puidesen producirse. Para cubrir os aludidos riscos, o adxudicatario estará obrigado a constituir e manter vixente unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil, por un importe mínimo de 30.000.- euros, derivada dos danos e perxuízos que poideran producirse como consecuencia da prestación do servizo. En todo caso, o Concello de Ames quedará exento de calquera responsabilidade por danos, calquera que sexa a causa que os orixine, que puidese producirse na execución do servizo.

Vixésimo cuarto. - Gastos a cargo do adxudicatario

Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- a. Os de anuncios que xere o procedemento e os preparatorios e de formalización do contrato.
- b. Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven do contrato.
- c. Asumir o pagamento do IVE,
- d. Os de formalización pública do contrato de adxudicación.

Vixésimo quinta. - Obrigas do contratista

En xeral o adxudicatario deberá realizar todo aquilo que se establece como obriga municipal en relación cos animais abandonados, perdidos ou vagabundos na Lei 1/1993, do 13 de abril, de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cautividade, da Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 153/1998, do 2 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade, e demais lexislación de aplicación, e demais lexislación de aplicación.

Así mesmo, será obriga do adxudicatario a recollida e aloxamento de animais, aínda que non estean abandonados e/ou se encontren en propiedade particular, cando o Concello así o dispoña por razóns de hixiene, salubridade, seguridade, tranquilidade cidadá ou outros semellantes, especialmente cando se trate de animais perigosos, e sempre baixo autorización do seu propietario.

O adxudicatario deberá estar, de ser o caso, inscrito nos rexistros correspondentes e contar coas autorizacións oportunas para o exercicio da actividade de acordo coa lexislación vixente de aplicación.

- Prestar o servizo de Recollida de Animais Vagabundos ou Abandonados no Municipio de Ames durante o período e horario establecido.

- Dispoñer en todo momento de persoal suficiente e tecnicamente capacitado para realizar unha prestación do servizo satisfactoria.

- Indemnizar os particulares ou o Concello dos danos causados a bens e persoas polo funcionamento do servizo debendo concertar e manter durante a vixencia do contrato os correspondentes seguros de responsabilidade civil.

- Facilitar canta información, de calquera tipo, solicite o Concello.

- As instalacións de que dispoña o adxudicatario deben contar cun número axeitado de gaiolas en función do número de animais existentes no termo municipal.

- O adxudicatario deberá manter as instalacións nas condicións axeitadas para unha correcta prestación do servizo. Procederá regularmente á limpeza, desinfección, desinsectación e desratización das instalacións.

- En caso de que as instalacións se encontrasen a máis de 20 km. de distancia do termo municipal de Ames, o adxudicatario comprométese a levar ao domicilio do dono o animal abandonado ou perdido, logo de pagamento da taxa correspondente.

- Será obriga do adxudicatario, logo de informe veterinario, o sacrificio daqueles animais aos que se lles tivera diagnosticado rabia ou calquera outra enfermidade zoonótica de especial gravidade para o ser humano e cando as circunstancias así o aconsellen.

- O adxudicatario dispoñerá como mínimo dos seguintes medios técnicos e persoais suficientes para a prestación do servizo nas condicións establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, debendo contar como mínimo cos seguintes medios:

1 veterinario.

1 persoa auxiliar con autorización para manexo e captura de animais.

1 vehículo tipo furgoneta ou similar, co equipamento axeitado para o traslado dos animais.

1 Equipo completo de anestesia.

1 Lector de microchip.

Visésimo sexta. - Obrigas laborais do contratista

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral, de seguridade social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais, conforme ao disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais e no Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal dos que puidese ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda despois da finalización deste, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999 e a súa normativa de desenvolvemento.

O adxudicatario facilitará sempre que lle sexa solicitado polo Concello, os impresos oficiais das mutualidades laborais correspondentes ao persoal adscrito ao servizo, a filiación da persoa que desempeña un específico cometido, o organigrama co nome e a categoría laboral do persoal que ocupa os diversos postos de traballo, e en xeral toda aquela información que permita comprobar o equipo e identificar aos responsables das distintas áreas. En ningún caso, á extinción do contrato, poderá producirse a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Ames.

Visésimo sete. Cesión do contrato e subcontratación

Rexerase polo disposto nos artigos 226 a 228 do TRLCSP.

26.1.- Cesión

Admitirase a cesión do contrato sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen causa determinante da súa adxudicación e se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226.2 do TRLCSP entre os cales se encontra a preceptiva, expresa e previa autorización da cesión por parte do órgano de contratación.

Así mesmo, para que a cesión produza efectos fronte á Administración contratante, deberán cumprirse, igualmente, todos os demais requisitos sinalados na citada norma.

26.2.- Subcontratación

Non se permite a subcontratación do servizo.

Visésimo oitavo: Modificación do contrato.

A Administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público de acordo co establecido no artigo 219 do TRLCSP, e se concorren as circunstancias previstas no TRLCSP ou no presente prego.

Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar o contratista de maneira que se manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá tal compensación, no caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica.

Vixésima novena. - Réxime sancionador

Aos efectos do réxime sancionador, as infraccións que se cometan polo contratista por actos e omisións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Considéranse infraccións leves:

O atraso en mais de 10 días hábiles na entrega do informe de actuacións, que será sancionado con multa de 10 €/día, ata a data de entrega ou cun máximo de 30 días, pasados os cales se considerará infracción grave.

Considéranse infraccións graves:

Se o animal sofre algún tipo de zoonose ou epizootia, non informalo ás autoridades veterinarias de xeito inmediato e nunca mais de tres días naturais dende o seu coñecemento.

Non facilitar as adopcións de animais.

Non dispoñer o local das condicións hixiénico sanitarios mínimos esixidos.

Atraso inxustificable na actuación ante un aviso.

Non prestar a atención veterinaria mínima necesaria aos animais que unha vez recollidos a requiran.

Traslado de animais con vehículos non autorizados ou que incumplan a normativa vixente ao respecto.

Unha vez cometida a segunda infracción leve, a terceira considerarase grave.

Considéranse infraccións moi graves:

Unha vez cometida a segunda infracción grave, a terceira considerárase moi grave.

A eutanasia de animal por medios non regulados legal ou regulamentariamente.

As infraccións graves poderanse sancionar ata 750 € e as moi graves ata 1.500 €, logo de instrución de procedemento contradictorio e con audiencia ao contratista de 10 días hábiles dende a notificación do correspondente expediente.

Serán causas de resolución do contrato as establecidas na Lei de Contratos das Administracións Públicas. Os importes das sancións detraeráanse do importe da factura mensual.

Trixésimo. - Resolución do contrato

O contrato poderá extinguirse por algunha das causas de resolución anunciadas nos arts. 223 e 308 do RDL 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Á extinción do contrato non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizen os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante.

Trixésimo primeira. Devolución ou cancelación da garantía definitiva.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, e transcurrido o prazo de garantía prestada a conformidade polo órgano de contratación, se non resultaran responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, acordárase a devolución ou cancelación desta, de conformidade co establecido no artigo 102 do TRLCSP.

Trixésima segunda. -Prerrogativas da administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do RDL3/2011, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público debidamente xustificado.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

Trixésimo terceira. Réxime de recursos e xurisdición competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que podan formularse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, logo de audiencia do contratista.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as demais normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

33.- Anexos ao presente prego

ANEXO I. CADRO RESUMO CARACTERISTICAS CONTRATO

ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO I

CADRO RESUMO CARACTERISTICAS DO CONTRATO

Obxecto do contrato: **Servizo de lacería, canceira e recollida de cadáveres de animais no Concello de Ames.**

Características técnicas: **As recollidas no prego de prescricións técnicas**

Tipo de contrato: **Administrativo de servizos.**

Suxeito a regulación harmonizada: **NO.**

CPV (Referencia de Nomenclatura): **CPV:98380000-0 (Servicios de perrera)**

Procedemento de adxudicación: **ABERTO** Tramitación: **ORDINARIA.**

Orzamento estimado de licitación: 36.000.- Euros/4 anos (IVE non engadido)

Aplicación orzamentaria: **172.22799.**

Revisión de prezos: **Aplicarase sobre o importe do contrato, e levarase a cabo de conformidade co establecido nos arts. 89 e 90 do TRLCSP.**

Taxas do contrato: Gastos de publicación en Boletíns Oficiais.

Órgano de contratación: **Xunta de Goberno Local**

Perfil do contratante: **Dirección páxina web: www.concellodeames.org.**

Clasificación: **Non se esixe.**

Prazo de presentación de ofertas:

Quince días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Lugar de presentación:

No Rexistro Xeral do Concello e outros sinalados no art. 38 LRXPAC.

Apertura de ofertas:

A apertura celebrase no lugar, día e hora que se sinala no perfil do contratante, cunha antelación de 2 días naturais á súa celebración.

Garantías

Provisional:

Non se esixe

Definitiva:

5% do importe de adxudicación correspondente a 2 anualidades, excluído o IVE

Prazo de execución: 2 anos. Prórrogas: 1+1.

Duración total (inicial máis posibles prórrogas): 4 anos.

Forma de pago: O pago do prezo realizarase mensualmente, mediante a presentación das facturas a mes vencido.

Criterios de valoración

a) **Oferta económica prestación servizo.....ata 90 puntos.**

b) **Oferta económica recollida cadáveres..... ata 10 puntos.**

PUNTOS TOTAIS: 100 puntos.

Outros datos:

- TELÉFONO DE INFORMACION: 981883002

- LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS:

- Dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas: Dirección páxina web: www.concellodeames.org (perfil do contratante)

ANEXO II

Modelo de proposición

DON/DONA.....con
domicilio en.....CP.....,
provisto de D.N.I. nº..... en nome propio o en representación de

....., CIF nº, coñecedor da licitación por publicación oficial no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e das condicións e requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato administrativo de **servizo de lacería, canceira e recollida de cadáveres de animais no Concello de Ames.**

DECLARA:

1º.- Que coñece o Prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome (propio ou da empresa á que representa) a cumprir o contrato con estrita suxeición aos documentos citados de acordo coa seguinte oferta económica:

PRESTACIÓN	PREZO OFERTADO (sen IVE) indicar prezo/unitario/actuación
------------	---

SERVIZO CHAMADA DE LUNS A VENRES CON CAPTURA	
SERVIZO CHAMADA DE LUNS A VENRES SEN CAPTURA	
SERVIZO POR CHAMADA URGENTE (sábados, domingos, festivos e luns a venres fóra do horario de 09:19:00	

Peso cadaver	Ata 10 Kgs.	De 11 a 25 Kgs.	De 26 a 40 Kgs.	De máis de 40 Kgs.
Prezo ofertado (sen iva)				

3º.- Asemade, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.
Lugar, data e sinatura.

Anexo III
Modelo de declaración responsable
D/Dª. _____ con DNI
_____ e domicilio en _____
rúa _____ nº _____ provincia de _____
_____ en nome propio ou en representación da empresa
_____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato administrativo de _____
Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións para contratar coa administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.
Ao mesmo tempo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Ames, ou que se as ten, atópanse garantidas.
Lugar, data e sinatura.

Prego de condicións técnicas para a contratación dos servizos de lacería, canceira e recollida e tratamento de cadáveres de animais mortos.

1. Obxecto do procedemento
O presente documento ten por obxecto fixar as condicións técnicas que han de rexer para a contratación dos servizos de recollida de animais abandonados, retirada, transporte e tratamento de animais mortos. O adxudicatario deberá prestar o servizo cumprindo coa lexislación de aplicación na materia, especialmente o establecido na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dous animais domésticos e salvaxes en cautividade, e ou o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a lei citada anteriormente. Igualmente deberá contar cos permisos e autorizacións preceptivas para a realización da actividade.

2. Ámbito de aplicación
Os servizos a prestar, motivo do presente prego de condicións técnicas, teñen como ámbito de aplicación o termo municipal de Ames.

3. Descrición do contrato
O servizo de recollida de animais abandonados, retirada e tratamento de animais mortos prestarase as 24 horas do día, os 365 días do ano.
O adxudicatario achegará números de teléfonos fixo e móbil ou outros sistemas de comunicación que estarán operativos as 24 horas do día, co fin de poder establecer contacto permanente.

4.- Recollida de animais abandonados:
Atenderanse as solicitudes que efectúen os servizos municipais, procedendo a captura do animal e

trasladándoos á canceira ou instalación correspondente para a súa vixilancia e control aos animais que deambulen sen acompañante pola vía pública ou sen identificación, e/ou aqueles supostamente abandonados polo seu propietario na vía pública. No caso dos animais que dispoñan de chip deberá avisarse ao dono antes do traslado do animal ao centro de recollida, para o que o laceiro se poñerá en contacto coa Policía Local.

Recibido o aviso, o adxudicatario do servizo deberá recoller o animal polos seus propios medios e trasladalo ao seu centro de recollida, avisando previamente ó propietario se se coñece, manténdoo aloxado ata a súa recuperación, cesión ou sacrificio, tal e como establece a normativa vixente. No caso de que un animal tivese propietario e este transcorrido o prazo legalmente establecido non o tivera retirado comunicárase esta situación ao Concello, antes de adoptar ningunha decisión sobre o destino do animal.

Establécese un tempo máximo de resposta de 1 hora en horario de luns a venres de 9:00 a 19:00 horas, e 1 hora e media para o resto de tramos horarios.

O adxudicatario procurará entregar en adopción aos animais que polo seu estado xeral de saúde e condicións xerais sexan susceptibles da mesma, sen que en ningún caso se lle poida practicar a eutanasia antes dos 20 días dende a súa recollida. En ningún caso se practicará eutanasia aos cachorros.

5.- Servizo de recollida, transporte e tratamento de animais mortos:

Atenderanse os avisos telefónicos procedentes dos servizos municipais, notificando a localización de animais mortos. O tempo máximo para iso establécese en 1 hora en horario de luns a venres de 9:00 a 19:00 horas, e 1 hora e media para o resto de tramos horarios. A recollida e o traslado do animal morto efectuarase en tempo e forma axeitada, a través do vehículo asignado pola empresa para estas situacións. O animal morto será transportado coa maior brevidade posible á planta de tratamento autorizada para a súa xestión correspondente. No caso contrario será mantido en cámara frigorífica da empresa adxudicataria ata o seu traslado á planta autorizada.

A empresa contratada dispoñerá dun rexistro de entradas e saídas de animais mortos, detallando data, hora, lugar de recollida e características do animal.

6. Obrigas / responsabilidade adxudicatario

É obriga da empresa adxudicataria o cumprimento da normativa existente ao respecto do servizo a prestar, así como aquela relacionada coa de carácter ambiental e sanitaria. A empresa contratada deberá contar con todos os rexistros e autorizacións necesarias para realizar o obxecto do contrato.

O adxudicatario comprometerase, en caso de que así sexa solicitado polo Concello, a realizar un informe semanal dos servizos realizados e da situación dos animais recollidos. O devandito informe conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- . Día e hora de recepción do aviso
- . Procedencia do aviso
- . Día e hora de realización do aviso recibido
- . Identificación do animal e propietario se o houbese
- . Día e hora de retirada do animal das instalacións
- . Destino do animal
- . Fotografía do animal
- . Incidencias acontecidas

O adxudicatario estará obrigado a constituír unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil, por un importe mínimo de 30.000 €, derivada dos danos e prexuízos que puidese producir como consecuencia da prestación do servizo.

7. Recursos materiais, instalacións e persoal

7.1 Recursos materiais e instalacións

A empresa contratada dispoñerá das instalacións axeitadas para o aloxamento dos animais de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas destes, as cales deberán cumprir coa normativa vixente, e dispoñer de todos os permisos e autorizacións necesarias. Contará cun número axeitado de gaiolas para a prestación do servizo.

As instalacións manteranse en todo momento nas condicións hixiénico-sanitarias axeitadas para o mantemento dos animais e a axeitada prestación do servizo. Así mesmo dispoñerá do persoal

necesario para a prestación do servizo. As instalacións, materiais e persoal adscrito á prestación do servizo deberá cumprir en todo momento coa lexislación e normativa de aplicación.

Deberá contar, como mínimo, cos seguintes medios:

1 veterinario.

1 persoa auxiliar con autorización para manexo e captura de animais.

1 vehículo tipo furgoneta ou similar, co equipamento axeitado para o traslado dos animais.

1 Equipo completo de anestesia.

1 Lector de microchip.

8. Inspeccións do servizo

O Concello de Ames poderá realizar aos centros de recollida e demais instalacións tantas visitas de inspección considere oportunas para o bo desenvolvemento do servizo.

PUNTO DÉCIMO.- DECLARACIÓN DO CONCELLO DE AMES CON MOTIVO DO “8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”.-

Os Concellos e Deputacións do país traballan diariamente para xerar altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social, acorde coa estratexia de crecemento da Unión Europea para a próxima década.

Queremos que Ames posúa unha economía intelixente, sostible e integradora, e consideramos que só alcanzaremos o nivel desexado de desenrolo se construímos unha sociedade igualitaria, sen discriminacións nin prexuízos relativos ó xénero, e libre de violencia contra as mulleres. Non se pode falar de avances e crecemento cando unha sociedade convive con manifestacións de discriminación, de inxustiza e maltrata ás mulleres, que son a máxima expresión de discriminación por razón de xénero e de non garantía do principio de igualdade de trato e de oportunidades.

No Concello de Ames, a igualdade, a non discriminación e a loita contra a violencia de xénero son principios básicos de actuación, facendo chegar á sociedade programas de sensibilización, formación, visibilidade das boas prácticas, así coma a prestación de servizos para vítimas de violencia de xénero.

O Concello de Ames manifesta a súa vontade de continuar impulsando un cambio nas relacións de xénero para acadar un equilibrio xusto nos roles, só factible a través da corresponsabilidade entre mulleres e homes. De aí, a importancia da intervención de todos os actores sociais á hora de promocionar e estender as medidas de apoio á conciliación e entre elas unha racionalización de horarios que impulse a conciliación entre vida persoal, laboral e familiar, para avanzar cara unha sociedade máis equilibrada e xusta.

Partimos do convencemento de que esta é a liña a seguir para avanzar na construción dunha sociedade xusta e igualitaria, que conta coa participación da muller en todos os niveis da vida pública, e seguiremos traballando dende a responsabilidade e a coordinación entre todas as instancias, necesitando para elo a colaboración de todas e todos.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas e quince minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.